


PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE SADA



TOMO VI

ESTRATEGIA DE ACTUACIÓN E ESTUDO ECONÓMICO
INFORME DE SOSTIBILIDADE ECONÓMICA



MONTEOLIVA ARQUITECTURA S.L.P.

DOCUMENTO PARA APROBACIÓN DEFINITIVA

MARZO 2017

ÍNDICE:

1.- INTRODUCCIÓN..... 2

2.-ESTRATEGIA DE ACTUACIÓN 4

2.1. DEFINICIÓN DAS ACTUACIÓNS.....4

2.2. INICIATIVA DE DESENVOLVEMENTO E DEPENDENCIA ECONÓMICA8

2.3. ORDEN DE PRIORIDADES. PRAZOS PARA O DESENVOLVEMENTO9

3. ESTUDO ECONÓMICO. INFORME DE SOSTIBILIDADE ECONÓMICA..... 15

3.1. CRITERIOS DE VALORACIÓN DE CUSTOS15

3.2. RESUMO DOS CUSTOS ATRIBUÍDOS AO CONCELLO19

3.3 ESTIMACIÓN DE INGRESOS POR MOR DO DESENVOLVEMENTO URBANÍSTICO.....25


3.4. CAPACIDADE ECONÓMICA DO CONCELLO FRONTE AOS CUSTOS DERIVADOS DO PLAN.....30

3.5. SUFICIENCIA E ADECUACIÓN DO SOLO DESTINADO A USOS PRODUTIVOS34

3.6. MEMORIA DE VIABILIDAD ECONÓMICA.....36

ANEXO: FICHAS DE ACCIÓNS 41

1



O presente documento denominado “Estratexia de actuación e estudo económico. Informe de sostibilidade económica” pretende, mediante un texto refundido, dar cumprimento ao disposto na lexislación urbanística autonómica e estatal sobre a documentación e contido dos PXOM en relación á estratexia de desenvolvemento, actuacións previstas e o impacto económico que estas xeran sobre as administracións públicas.

O artigo 61 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, establece no seu apartado 1 o seguinte literal:

“1. *As determinacións do plan xeral de ordenación municipal ás que se fai referencia nesta sección desenvolveranse nos seguintes documentos, co contido que se fixe regulamentariamente:*

a) Memoria xustificativa dos seus fins e obxectivos, así como das súas determinacións.

b) Estudo do medio rural e análise do modelo de asentamento poboacional.

c) Informe de sustentabilidade ambiental e memoria ambiental.

d) Planos de información.

e) Planos de ordenación urbanística do territorio.

f) Normas urbanísticas.

g) Estratexia de actuación e estudo económico.

h) Catálogo de elementos que se deben protexer ou recuperar.

i) Informe ou memoria de sustentabilidade económica.

j) Aqueloutros que se estimen necesarios para reflectir adecuadamente as súas determinacións.”

As determinacións que debe conter o documento de “Estratexia de actuación e estudo económico” veñen expresadas no artigo 60 da citada Lei galega, se ben sobre o “Informe ou memoria de sustentabilidade económica” nada se di na lexislación autonómica, sendo preciso acudir á lexislación básica do Estado.

Así, o Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o *Texto Refundido de la Ley del Suelo y Rehabilitación Urbana* establece, no seu artigo 22 “Evaluación y seguimiento de la sostenibilidad del desarrollo urbano, y garantía de la viabilidad técnica y económica de las actuaciones sobre el medio urbano”.

1. *Los instrumentos de ordenación territorial y urbanística están sometidos a evaluación ambiental de conformidad con lo previsto en la legislación de evaluación de los efectos de determinados planes y programas en el medio ambiente y en este artículo, sin perjuicio de la evaluación de impacto ambiental de los proyectos que se requieran para su ejecución, en su caso.*

2. *El informe de sostenibilidad ambiental de los instrumentos de ordenación de actuaciones de urbanización deberá incluir un mapa de riesgos naturales del ámbito objeto de ordenación.*

3. *En la fase de consultas sobre los instrumentos de ordenación de actuaciones de urbanización, deberán recabarse al menos los siguientes informes, cuando sean preceptivos y no hubieran sido ya emitidos e incorporados al expediente ni deban emitirse en una fase posterior del procedimiento de conformidad con su legislación reguladora:*


a) El de la Administración hidrológica sobre la existencia de recursos hídricos necesarios para satisfacer las nuevas demandas y sobre la protección del dominio público hidráulico.

b) El de la Administración de costas sobre el deslinde y la protección del dominio público marítimo-terrestre, en su caso.

c) Los de las Administraciones competentes en materia de carreteras y demás infraestructuras afectadas, acerca de dicha afección y del impacto de la actuación sobre la capacidad de servicio de tales infraestructuras.

Los informes a que se refiere este apartado serán determinantes para el contenido de la memoria ambiental, que solo podrá disentir de ellos de forma expresamente motivada.

1.- INTRODUCCIÓN




4. *La documentación de los instrumentos de ordenación de las actuaciones de transformación urbanística deberá incluir un informe o memoria de sostenibilidad económica, en el que se ponderará, en particular, el impacto de la actuación en las Haciendas Públicas afectadas por la implantación y el mantenimiento de las infraestructuras necesarias o la puesta en marcha y la prestación de los servicios resultantes, así como la suficiencia y adecuación del suelo destinado a usos productivos.*
5. *La ordenación y ejecución de las actuaciones sobre el medio urbano, sean o no de transformación urbanística, requerirá la elaboración de una memoria que asegure su viabilidad económica, en términos de rentabilidad, de adecuación a los límites del deber legal de conservación y de un adecuado equilibrio entre los beneficios y las cargas derivados de la misma, para los propietarios incluidos en su ámbito de actuación, y contendrá, al menos, los siguientes elementos:*
 - a) *Un estudio comparado de los parámetros urbanísticos existentes y, en su caso, de los propuestos, con identificación de las determinaciones urbanísticas básicas referidas a edificabilidad, usos y tipologías edificatorias y redes públicas que habría que modificar. La memoria analizará, en concreto, las modificaciones sobre incremento de edificabilidad o densidad, o introducción de nuevos usos, así como la posible utilización del suelo, vuelo y subsuelo de forma diferenciada, para lograr un mayor acercamiento al equilibrio económico, a la rentabilidad de la operación y a la no superación de los límites del deber legal de conservación.*
 - b) *Las determinaciones económicas básicas relativas a los valores de repercusión de cada uso urbanístico propuesto, estimación del importe de la inversión, incluyendo, tanto las ayudas públicas, directas e indirectas, como las indemnizaciones correspondientes, así como la identificación del sujeto o sujetos responsables del deber de costear las redes públicas.*
 - c) *El análisis de la inversión que pueda atraer la actuación y la justificación de que la misma es capaz de generar ingresos suficientes para financiar la mayor parte del coste de la transformación física propuesta, garantizando el menor impacto posible en el patrimonio personal de los particulares, medido en cualquier caso, dentro de los límites del deber legal de conservación.*

El análisis referido en el párrafo anterior hará constar, en su caso, la posible participación de empresas de rehabilitación o prestadoras de servicios energéticos, de abastecimiento de agua, o de telecomunicaciones, cuando asuman el compromiso de integrarse en la gestión, mediante la financiación de parte de la misma, o de la red de infraestructuras que les competa, así como la financiación de la operación por medio de ahorros amortizables en el tiempo.
 - d) *El horizonte temporal que, en su caso, sea preciso para garantizar la amortización de las inversiones y la financiación de la operación.*
 - e) *La evaluación de la capacidad pública necesaria para asegurar la financiación y el mantenimiento de las redes públicas que deban ser financiadas por la Administración, así como su impacto en las correspondientes Haciendas Públicas.*
6. *Las Administraciones competentes en materia de ordenación y ejecución urbanísticas deberán elevar al órgano que corresponda de entre sus órganos colegiados de gobierno, con la periodicidad mínima que fije la legislación en la materia, un informe de seguimiento de la actividad de ejecución urbanística de su competencia, que deberá considerar al menos la sostenibilidad ambiental y económica a que se refiere este artículo.*

Los Municipios estarán obligados al informe a que se refiere el párrafo anterior cuando lo disponga la legislación en la materia y, al menos, cuando deban tener una Junta de Gobierno Local.

El informe a que se refieren los párrafos anteriores podrá surtir los efectos propios del seguimiento a que se refiere la legislación de evaluación de los efectos de determinados planes y programas en el medio ambiente, cuando cumpla todos los requisitos en ella exigidos.
7. *La legislación sobre ordenación territorial y urbanística establecerá en qué casos el impacto de una actuación de urbanización obliga a ejercer de forma plena la potestad de ordenación del municipio o del ámbito territorial superior en que se integre, por trascender del concreto ámbito de la actuación los efectos significativos que genera la misma en el medio ambiente.*



Se ben, a determinación que agora interesa e que está expresada nos apartados 4 e 5 do citado artigo, parecen referirse aos instrumentos de ordenación das actuacións de urbanización, é dicir, aos instrumentos de ordenación detallada, xa sexan para nova urbanización, reforma da urbanización existente ou actuacións de dotación. Non podería ser doutro xeito, xa que so este tipo de documentos contén as determinacións de detalle suficientes para xustificar a necesaria sustentabilidade e viabilidade económica.

O feito de que a lexislación galega incorporase tal determinación procedente da lexislación estatal e a fíxese extensiva aos documentos de planeamento xeral de ordenación municipal, non é máis que unha inxerencia por prevenir a insustentabilidade económica dende as fases temperáns da planificación urbanística. Aínda así, estamos ante un Plan Xeral e non ante unha actuación detallada, polo que, o nivel de análise correspóndese coa escala de detalle propia do planeamento xeral.

Tendo en conta que tanto a Estratexia de actuación e estudo económico como os Informes ou memorias de sostibilidade e viabilidade económica comparten elementos de análise que forman parte da dinámica económica da administración municipal parece aconsellable abordar o asunto dende un único documento refundido que responda ás seguintes preguntas:

- Cales son as actuacións previstas polo Plan? De qué ou quen xorde a iniciativa de desenvolvemento?
- Cando e en qué orde se van a acometer as actuacións? Prazos e prioridades.
- Canto custan as actuacións previstas? Qué administracións ou quen asume o custo?
- Ten capacidade o Concello para asumir o gasto das actuacións atribuíbles? Son sostibles economicamente a posta en funcionamento e o mantemento das infraestruturas e servizos das actuacións urbanizadoras?
- Son viables economicamente as áreas de transformación urbanística previstas no Plan, cun axeitado reparto de cargas e beneficios, para os propietarios incluídos nelas.

2.-ESTRATEGIA DE ACTUACIÓN

2.1. DEFINICIÓN DAS ACTUACIÓNS

O Plan Xeral contempla un conxunto de actuacións sobre o solo que veñen a completar a estrutura xeral e orgánica do territorio municipal. Son parte integrante das determinacións do Plan e, polo tanto, constitúen a parte activa e dinámica do planeamento.

Dado o alcance e contido do Plan Xeral, as actuacións pódense dividir en dous tipos:

- Actuacións de transformación urbanística, encadradas baixo o réxime de clasificación do solo urbano non consolidado e solo urbanizable previsto polo Plan, así como as actuacións integrais en solo de núcleo rural, que precisan da xestión integral do solo e a xusta distribución de beneficios e cargas.
- Actuacións que afectan á estrutura orgánica do territorio; é dicir, aos sistemas de infraestruturas e dotacións. Dentro deste apartado pódense diferenciar dous subtipos:
 - Accións illadas de sistema de infraestruturas ou dotacións encadradas no réxime do solo urbano consolidado, núcleo rural e solo rústico.
 - Accións no sistema de infraestruturas ou dotacións que se vinculan aos procesos de desenvolvemento ou transformación urbanística no contexto das obrigas de cesión e urbanización do solo.

Estes dous subtipos de actuación presentan importantes diferenzas no relativo ao sistema de obtención do solo (atribución do custo), iniciativa, dependencia, etc. Mesmo, a súa concreción non é posible no segundo subtipo en tanto a determinación dependa da ordenación prevista no correspondente instrumento de ordenación detallada.

O presente Plan contempla as seguintes actuacións illadas e de desenvolvemento ou transformación urbanística:

SISTEMA DE EQUIPAMENTOS		
CÓDIGO	DENOMINACIÓN	SUPERFICIE DA ACCIÓN (m²)
SXEsc 03-10 (Pb)	AMPLIACIÓN DA CASA DA CULTURA DE MONDEGO	1.000
SLE 04-04 (Pb)	ESPAZO DOTACIONAL EN MOSTEIRÓN	10.116
SXEed 06-02 (Pb)	AMPLIACIÓN DO C.E.I.P. "SADA Y SUS CONTORNOS"	1.131
SXEsa/re 06-03 (Pb)	AMPLIACIÓN DO CEMITERIO MUNICIPAL DE SADA	1.315
SXEsc 06-08 (Pb)	EQUIPAMENTO SOCIO-CULTURAL EN SADA	243
SXEsa 06-12 (Pb)	NOVO CENTRO DE SAÚDE EN SADA	2.670

SISTEMA DE ESPAZOS LIBRES		
CÓDIGO	DENOMINACIÓN	SUPERFICIE DA ACCIÓN (m²)
SXEL 01-02 (Pb)	ESPAZO LIBRE EN CAMPO DAS MANTAS	16.178
SXEL 02-05 (Pb)	PARQUE DE MEIRÁS	18.893
SXEL 06-02 (Pb)	ESPAZO LIBRE EN SADA DE ARRIBA (Cemiterio)	8.356
SLEL 06-04 (Pb)	ESPAZO LIBRE NA RÚA DE CAMBRE	307
SXEL 06-21 (Pb)	ESPAZO LIBRE DE AS BRAÑAS FASE 2	76.671
SXEL 06-30a (Pb)	ESPAZO LIBRE EN FONTÁN (adscrito a AR-D1.2)	15.424
SXEL 06-30b (Pb)	ESPAZO LIBRE EN FONTÁN	60.990
SXEL 06-31 (Pb)	ESPAZO LIBRE DE AS BRAÑAS FASE 1	25.075
SXEL 06-32 (Pb)	ESPAZO LIBRE EN SADA DE ARRIBA (Incluído na AR-D2.2)	2.243
SXEL 06-33a (Pb)	ESPAZO LIBRE DE AS BRAÑAS (adscrito a AR-D3.5)	15.086
SXEL 06-33b (Pb)	ESPAZO LIBRE DE AS BRAÑAS (adscrito a AR-Sector R1)	6.495
SXEL 06-34 (Pb)	ESPAZO LIBRE DO REGO MAIOR (adscrito a AR-Sector R3)	8.229
SXEL 06-35 (Pb)	ESPAZO LIBRE DO REGO MAIOR (adscrito a Sector R2)	18.493
SXEL 06-38a (Pb)	ESPAZO LIBRE DO MONTE LIXANDRE (incluído na AR-D3.4)	4.167
SXEL 06-38b (Pb)	ESPAZO LIBRE DO MONTE LIXANDRE (adscrito a AR-D3.4)	2.451
SXEL 06-39a (Pb)	PARQUE DE CORBEIROA (incluído na AR-D3.10)	4.500
SXEL 06-39b (Pb)	PARQUE DE CORBEIROA (adscrito a AR-D3.10)	2.332
SXEL 06-39c (Pb)	PARQUE DE CORBEIROA (adscrito a AR-D3.9)	5.852
SXEL 08-02 (Pb)	ESPAZO LIBRE PUNTA DO CASTELO	9.735


SISTEMA VIARIO		
CÓDIGO	DENOMINACIÓN	SUPERFICIE DA ACCIÓN (m²)
SXV-1	MELLORA DA CONEXIÓN ENTRE AS ESTRADAS AC-163 E DP-7509	5.233
SXV-2	MELLORA DA CONEXIÓN ENTRE AS ESTRADAS AC-183 E DP-7504 EN CARTA (MONDEGO)	1.711
SXV-3	MELLORA DA CONEXIÓN ENTRE AS ESTRADAS AC-183 E DP-5812 E ACCESOS AO SECTOR T1	5.323
SXV-4	VARIANTE DE VILAR	6.515
SXV-5	MELLORA DA INTERSECCIÓN DA ESTRADA DP-7509 COA DP-7504 NA LAMELA (CARNOEDO)	2.353
SXV-6	MELLORA DA INTERSECCIÓN ENTRE AS ESTRADAS AC-163 E DP-7504 EN TAIBÓ (CARNOEDO)	1.980
SXV-7	MELLORA DA INTERSECCIÓN DA ESTRADA DP-7503 COA ESTRADA AC-163 NA XESTEIRA (CARNOEDO)	1.769
SXV-8	MELLORA DA INTERSECCIÓN DA ESTRADA DP-5813 COA ESTRADA AC-183 NO TARABELO (SADA)	2.312
SXV-9	CONEXIÓN DAS ESTRADAS AC-183, DP-0812 E DP-7506 NO NÚCLEO DE SADA	10.894
SXV-10	ACCESOS AO PAZO DE MEIRÁS E INTERSECCIÓN COA RÚA DO VALO	2.148
SXV-11	REURBANIZACIÓN DA AVENIDA DA MARIÑA	35.202
SXV-12	ACCESOS AO PARQUE DE FONTÁN E Á ÁREA AR-D1.2	1.569
SXV-13	ACCESOS ÁS ÁREAS AR-D3.4 E AR-D3.5	1.879
SLV-14	ACCESO PEONIL Á IGREXA PARROQUIAL DE OSEDO	129
SXV-15	MELLORA DAS CONEXIÓNS DAS ESTRADAS DP-0812 E DP-7502 NO NÚCLEO DE CASTRO	2.998
SXV-16	ACCESOS AO SECTOR I1	3.336
SXV-17	INTERSECCIÓN ENTRE AS ESTRADAS AC-182 E DP-0812	3.680
SLV-18	APARCADOIRO CEMITERIO PARROQUIAL DE SOÑEIRO	1.765
SLV-19	APARCADOIRO PRAIA DE CIRRO	3.330
SLV-20	APARCADOIRO PRAIA DE SAN PEDRO	7.490
SLV-21	APARCADOIRO DO IGREXARIO DE VEIGUE	895
SLV-22	APARCADOIRO CEMITERIO PARROQUIAL DE AMEIXEIRAL	1.492
SLV-23	APARCADOIRO CEMITERIO PARROQUIAL DE MEIRAS	2.007
SLV-24	PAVIMENTACIÓN DUN CAMIÑO PEONIL EN FIUNCHEDO	388

SISTEMA DE INFRAESTRUTURAS DE SERVIZOS		
CÓDIGO	DENOMINACIÓN	SUPERFICIE DA ACCIÓN (m²)
SXIS-1	NOVO DEPÓSITO DE AUGA NO CASTRO E ARTERIA DE DISTRIBUCIÓN	1.986
SXIS-2	ARTERIA DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA DENDE A DP-0812 ATA SXIS-1	
SXIS-3	COLECTOR DE SANEAMENTO E ANULACIÓN DO BOMBEO DE TARABELO	
SXIS-4	REDE DE SUBMINISTRO DE GAS AO ÁMBITO DA AR-D3.5 E SECTOR R1	
SXIS-5	SIFÓN NA REDE DE SANEAMENTO DA RÚA DA LAGOA	
SXIS-6	NOVO DEPÓSITO DE AUGA EN OSEDO	3.985
SXIS-7	REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA AO SECTOR T3	3.228
SXIS-8	INFRAESTRUTURA EXTERIOR DE SANEAMENTO DO ESPÍRITO SANTO	6.027
SXIS-9	NOVO DEPÓSITO DE AUGA DO ESPÍRITO SANTO	9.292
SXIS-10	TANQUE DE REGULACIÓN DAS BRAÑAS	
SXIS-11	TANQUE DE TORMENTA DE SADA	
SLIS-12	REDE DE ABASTECIMENTO E DE SANEAMENTO DENDE CASTRO A SAMOEDO	

ÁREAS DE REPARTO EN SOLO URBANO NON CONSOLIDADO	
CÓDIGO	SUPERFICIE BRUTA (m ²)
AR-D1.1	1.859
AR-D1.2	38.594
AR-D1.3	2.009
AR-D1.4	3.876
AR-D1.5	3.893
AR-D1.6	3.126
AR-D1.7	2.542
AR-D2.1	1.471
AR-D2.2	6.707
AR-D2.3	2.849
AR-D2.4	801
AR-D3.1	6.853
AR-D3.2	5.951
AR-D3.3	14.070
AR-D3.4	10.802
AR-D3.5	15.642
AR-D3.6	6.705
AR-D3.7	6.948
AR-D3.8	5.397
AR-D3.9	3.440
AR-D3.10	5.717
AR-D9.1	50.582
AR-D9.2	4.416

ÁREAS DE REPARTO EN SOLO URBANIZABLE DELIMITADO		
CÓDIGO		SUPERFICIE BRUTA (m ²)
AR-SECTOR R1	As Brañas	14.938
AR-SECTOR R2	Agra de Samoedo	75.933
AR-SECTOR R3	Camiño da Braña	48.171
AR-SECTOR T1	Área de usos terciarios Pé do Muíño	46.609
AR-SECTOR T2	Área de usos terciario A Cañota	86.928
AR-SECTOR T3	Área de usos terciario de Osedo	75.870
AR-SECTOR T4	Polígono empresarial do Tarabelo	41.966
AR-SECTOR I1	Polígono industrial do Espírito Santo 1	212.526
AR-SECTOR I2	Polígono industrial do Espírito Santo 2	30.037
AR-SECTOR I3	Polígono industrial do Espírito Santo 3	42.366
AR-SECTOR I4	Polígono industrial do Espírito Santo 4	132.568
AR-SECTOR I5	Polígono industrial do Espírito Santo 5	29.070
AR-SECTOR I6	Polígono industrial do Espírito Santo 6	203.899

ACTUACIÓNS INTEGRAIS EN NÚCLEO RURAL	
CÓDIGO	SUPERFICIE (m ²)
AI-01-00	7.276
AI-01-01	15.937
AI-01-02	4.907
AI-01-03	21.236
AI-01-04	7.264
AI-01-05	9.056
AI-01-06	2.655
AI-02-02	7.794
AI-02-03	8.578
AI-02-04	62.805
AI-02-06	11.348
AI-02-07	22.983
AI-03-01	4.833
AI-03-02a	5.589
AI-03-02b	11.013
AI-03-03	13.057
AI-03-04	41.835
AI-03-05	54.790
AI-05-01	9.801
AI-05-02	31.744
AI-05-03	24.072
AI-05-04	12.913
AI-06-01	12.646
AI-06-02a	34.004
AI-06-02b	7.419
AI-06-03	14.927
AI-06-04	29.445
AI-07-01	27.658
AI-07-02	12.508
AI-07-03	9.859
AI-07-04	10.083
AI-08-01	6.835



2.2. INICIATIVA DE DESENVOLVEMENTO E DEPENDENCIA ECONÓMICA

Para responder ás cuestións deste apartado cómpre considerar o disposto na Lei 9/2002 sobre o réxime de deberes e obrigas dos propietarios do solo e os seus dereitos en atención á clasificación do solo, así como a potestade planificadora no relativo ás previsións, necesidades, prioridades e formas de obter o solo para dotacións.

En relación ás actuacións de desenvolvemento urbanístico, o Plan Establece a xestión maioritaria do solo polos sistemas de actuación indirectos. Mais, aqueles desenvolvementos que demanden unha pronta xestión e execución ou nos que se observe complexidade na súa xestión e execución, atribúeselles o sistema de cooperación. Baixo esta situación están as áreas de reparto AR-D1.7, AR-D3.5, AR-D3.6 de solo urbano e o Sector R1 de solo urbanizable, os cales precisan, ou ben dunha áxil xestión coa finalidade de obter o solo destinado a dotacións públicas como son a ampliación do Colexio Sada y sus contornos ou a execución do novo Centro de Saúde, ou ben dunha especial atención por parte do Concello como son as áreas de desenvolvemento lindeiras coas Brañas de Sada. Mesmo considérase prioritaria a xestión e execución do Sector-11 de solo urbanizable de uso industrial, que ten por finalidade a creación de solo empresarial no ámbito municipal.

Malia o anterior, o Concello é competente para proceder á ordenación detallada dos ámbitos de desenvolvemento urbanístico en calquera momento, ben por motivos de necesidades ou ben polo mero incumprimento dos prazos da iniciativa privada.

As actuacións de transformación urbanística serán custeadas polos titulares dos terreos consonte o réxime de deberes da clase de solo e tendo en conta as determinacións contidas nas fichas das áreas de reparto.


En relación ao mantemento e posta en funcionamento da urbanización, adóptanse as seguintes determinacións:

- O deber de executar a urbanización, aos efectos do establecido no artigo 128 da Lei 9/2002, inclúe ademais o deber de entrega da urbanización en estado de funcionamento. Os propietarios e propietarias do solo ou, no caso que proceda, as compañías subministradoras e concesionarias dos servizos urbanos, asumirán o custo da posta en marcha de tais servizos e infraestruturas.
- Unha vez recibidas as obras, o Concello asumirá o mantemento da urbanización dos seguintes ámbitos de desenvolvemento:
 - Actuacións integrais en solo de núcleo rural común.
 - Polígonos en áreas de reparto en solo urbano non consolidado.
 - Sectores de solo urbanizable.
 - O Concello asumirá o custo de mantemento dos sistemas xerais de espazo libre e de viario exteriores de titularidade municipal.

En relación ás actuacións que comportan a execución de sistemas de infraestruturas e dotacións, temos o seguinte:

- As accións illadas en solo urbano consolidado, núcleo rural e solo rústico correrán a cargo do Concello, a non ser de que pola envergadura da acción ou por tratarse dunha infraestrutura ou dotación que competa a outra administración, o Plan atribúa o custo a esta. Neste último caso cómpre ter a conformidade da administración supralocal, mais de non existir, a acción non será vinculante se non indicativa ou orientativa.
- As accións dos sistemas que descolguen dunha actuación de transformación urbanística serán asumidos pola iniciativa privada en todo aquilo que comporte a obtención do solo (cesión obrigatoria a cargo dos titulares) e urbanización (execución e conexións exteriores).

Corresponde á administración pública a execución da edificación ou construción dos equipamentos nas parcelas cedidas.



2.3. ORDEN DE PRIORIDADES. PRAZOS PARA O DESENVOLVEMENTO

ESTRATEGIA DE ACTUACIÓN PREVISTA PARA O PRIMEIRO CUADRIENIO

Durante o primeiro cuadrienio de vixencia do Plan preténdese acometer as actuacións máis importantes necesarias para completar a estrutura básica e fundamental do territorio de Sada.

Entre estas actuacións figuran aquelas accións ás que se asigna a prioridade 1 (1^{er} cuadrienio) así como os desenvolvementos urbanísticos en Solo Urbano, e os de Solo Urbanizable Delimitado que foron considerados como prioritarios.

En virtude da complexidade e dependencia entre as distintas actuacións, é preciso o establecemento dos condicionantes temporais que posibiliten un desenvolvemento ordenado e coherente dos acontecementos.

Prazos para a edificación e desenvolvemento integral do solo:

Solo Urbano Consolidado


Establécese un prazo de catro (4) anos) para edificar os soares. Os ámbitos de solo urbano consolidado remitidos a Plans especiais de protección exceptúanse desta condición mais os prazos serán definidos polo correspondentes instrumentos de ordenación detallada.

O incumprimento dos prazos estipulados dará lugar á aplicación do artigo 190 da Lei 9/2002.

Solo Urbano Non Consolidado

As áreas de planeamento e xestión incluídas nesta categoría de solo serán desenvolvidas durante o primeiro e segundo cuadrienio, consonte o seguinte calendario:

- No prazo máximo de dous (2) anos a partir da data de entrada en vigor do Plan Xeral, presentarase ante o Concello o correspondente Plan Especial.
- No prazo máximo de seis (6) meses dende a aprobación definitiva do Plan Especial, presentación dos Proxectos de Compensación e Urbanización.
- Procurarase que os documentos de planeamento e xestión e os proxectos de urbanización estean aprobados e vixentes antes de que finalice o primeiro cuadrienio de vixencia do Plan.
- As áreas de reparto ás que o Plan atribúe o sistema de cooperación serán impulsadas polo Concello coa máxima celeridade en aras de obter o solo dotacional o antes posible.
- As áreas de planeamento transitorio APT-UEI-8 e APT-UEI-13 deberán rematar as obras de urbanización no prazo máximo dun (1) ano a partir da data de entrada en vigor do Plan Xeral.



Solo Urbanizable Delimitado

Os sectores R2, R3, T1, T4, I1 e I3 de solo urbanizable serán desenvolvidos durante o primeiro cuadrienio de acordo co seguinte calendario:

- No prazo máximo de seis (6) meses a partir da entrada en vigor do Plan Xeral, presentarase ante o Concello o Plan Parcial.
- No prazo máximo dun (1) ano dende a entrada en vigor do Plan Parcial, presentaranse os documentos de equidistribución e os Proxectos de Urbanización.
- As obras de urbanización do sector serán rematadas no prazo máximo de catro (4) anos dende a entrada en vigor do Plan Xeral.
- Os soares serán edificadas no prazo máximo de catro (4) anos dende a recepción das obras de urbanización por parte do Concello.


Plans especiais

Durante o primeiro cuadrienio convén formular e ter aprobados os seguintes Plans especiais:

- Todos os Plans especiais de reforma interior.
- Os Plans especiais de protección dos cascos históricos de “Fontán” e “A Tenencia”.
- Os Plans especiais de infraestrutura e dotación do “Paseo Marítimo” e de “Mobilidade Municipal”.
- Os Plans especiais de protección, ordenación, infraestrutura e dotación de “Veigue” e “Carnoedo”.

ACCIÓNS PREVISTAS PARA O PRIMEIRO CUADRIENIO

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ORGANISMO DEPENDENTE	SISTEMA DE OBTENCIÓN	CLASE DE SOLO	CUALIFICACIÓN	SUPERFICIE DA ACCIÓN (m²)	SUPERFICIE DE SOLO A EXPROPIAR (m²)	CUSTOS €				ASUNCIÓN DO CUSTO	PRIORIDADE
								SOLO	URBANIZACIÓN	EDIFICACIÓN	TOTAL		
SXEsc 03-10	AMPLIACIÓN DA CASA DA CULTURA DE MONDEGO	CONCELLO	EXPROPIACIÓN	NÚCLEO RURAL	SXE	1.000	1.000	90.000		150.000	240.000	CONCELLO	1
SXEed 06-02	AMPLIACIÓN DO C.E.I.P. "SADA Y SUS CONTORNOS"	CONCELLO	CESIÓN	URBANO NON CONSOLIDADO	SXE	1.131						AR-D1.7	1
SXEsc 06-08	EQUIPAMENTO SOCIOCULTURAL EN SADA	CONCELLO	EXPROPIACIÓN	URBANO	SXE	243	243	24.300			24.300	CONCELLO	1
SXEL 06-02	ESPAZO LIBRE EN SADA DE ARRIBA (cemiterio)	CONCELLO	EXPROPIACIÓN	URBANO CONSOLIDADO	SXEL	8.356	8.301	747.090	16.712		763.802	CONCELLO	1
SLEL 06-04	NOVO ESPAZO LIBRE NA RÚA DE CAMBRE	CONCELLO	EXPROPIACIÓN	URBANO	SLEL	307	307	30.700	4.605		35.305		1
SXEL 06-31	ESPAZO LIBRE DE AS BRAÑAS FASE 1	CONCELLO	EXPROPIACIÓN	RÚSTICO	SXEL	25.075	24.892	149.352	50.150		199.502	CONCELLO	1
SXEL 06-33a	ESPAZO LIBRE DE AS BRAÑAS (adscrito a AR-D3.5)	CONCELLO	CESIÓN	RÚSTICO	SXEL	15.086			30.172		30.172	CONCELLO	1
SXEL 06-34	ESPAZO LIBRE DO REGO MAIOR (adscrito a AR-Sector R3)	CONCELLO	CESIÓN	RÚSTICO	SXEL	8.229			16.458		16.458	CONCELLO	1
SXEL 06-35	ESPAZO LIBRE DO REGO MAIOR (adscrito a AR-Sector R2)	CONCELLO	CESIÓN	RÚSTICO	SXEL	18.493			36.986		36.986	CONCELLO	1
SXV-2	MELLORA DA CONEXIÓN ENTRE AS ESTRADAS AC-183 E DP-7504 EN CARTA (MONDEGO)	CONCELLO/ DEPUTACIÓN A CORUÑA/ XUNTA GALICIA	EXPROPIACIÓN	NÚCLEO RURAL HISTÓRICO	SXV	1.711	301	27.090	119.770		146.860	CONCELLO	1
SXV-8	MELLORA DA INTERSECCIÓN DA ESTRADA DP-5813 COA ESTRADA AC-183 NO TARABELO (SADA)	CONCELLO/ DEPUTACIÓN A CORUÑA/ XUNTA GALICIA	EXPROPIACIÓN	NÚCLEO RURAL HISTÓRICO/ NÚCLEO RURAL COMÚN	SXV	2.312	552	49.680	161.840	220.000	431.520	CONCELLO	1
SXV-9	CONEXIÓN DAS ESTRADAS AC-183, DP-0812 E DP-7506 NO NÚCLEO DE SADA	CONCELLO/ DEPUTACIÓN A CORUÑA/ XUNTA GALICIA	NON PRECISA	SOLO URBANO CONSOLIDADO	SXV	10.894			653.640		653.640	CONCELLO	1
SXV-12	ACCESOS AO PARQUE DE FONTÁN E Á ÁREA AR-D1.2	CONCELLO/ XUNTA GALICIA	CESIÓN	URBANO NON CONSOLIDADO/ RÚSTICO	SXV	1.569			109.830		109.830	AR-D1.2	1
SXV-13	ACCESOS ÁS ÁREAS AR-D3.3 E AR-D3.5	CONCELLO/ XUNTA GALICIA	CESIÓN	URBANO CONSOLIDADO/ URBANO NON CONSOLIDADO	SXV	1.879			131.530		131.530	AR-D3.3 / AR-D3.5	1
SXV-16	ACCESOS AO SECTOR I1	DEPUTACIÓN A CORUÑA/ XUNTA GALICIA	CESIÓN	URBANIZABLE/ RÚSTICO	SXV	3.336			137.270		137.270	AR-Sector I1	1
SXV-17	INTERSECCIÓN ENTRE AS ESTRADAS AC-182 E DP-0812	CONCELLO/ DEPUTACIÓN A CORUÑA/ XUNTA GALICIA	CESIÓN	URBANO CONSOLIDADO/ URBANO NON CONSOLIDADO	SXV	3.680			257.600		257.600	AR-D9.1 / AR-Sector I3	1
SXIS-1	NOVO DEPÓSITO DE AUGA NO CASTRO E ARTERIA DE DISTRIBUCIÓN	CONCELLO	NON PRECISA	NÚCLEO RURAL	SXIS	1.986			500.000	130.000	630.000	CONCELLO	1
SXIS-2	ARTERIA DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA DENDE A DP-0812 ATA SXIS-1	CONCELLO		URBANO	SXV / SLV				153.200		153.200	D3.5/AR-Sector	1
SXIS-3	COLECTOR DE SANEAMENTO E ANULACIÓN DO BOMBEO DE TARABELO	CONCELLO		URBANO/ RÚSTICO	SXIS				69.300		69.300	D3.5/AR-Sector	1
SXIS-4	REDE DE SUBMINISTRO DE GAS AO ÁMBITOS DAS AR-D3.5 E AR-S	CONCELLO		URBANO/ RÚSTICO	SXV / SLV				93.300		93.300	D3.5/AR-Sector	1
SXIS-5	SIFÓN NA REDE DE SANEAMENTO DA RÚA DA LAGOA	CONCELLO		URBANO	SXV				32.000		32.000	CONCELLO	1
SXIS-8	INFRAESTRUTURA EXTERIOR DE SANEAMENTO DO ESPÍRITO SANTO	CONCELLO	EXPROPIACIÓN	URBANIZABLE / NÚCLEO RURAL/RÚSTICO	SXIS	6.027	6.027	16.818	155.100	500.000	671.918	AR-Sector I1 / AR-Sector I2 / AR-Sector I4	1
SXIS-11	TANQUE DE TORMENTA DE SADA	CONCELLO	NON PRECISA	URBANO	SXV				1.000.000		1.000.000	CONCELLO	1



ESTRATEGIA DE ACTUACIÓN PREVISTA PARA O SEGUNDO CUADRIENIO

Nas correspondentes fichas de accións asígnase a prioridade 2 para as actuacións que se deben de executar no segundo cuatrienio.

Solo Urbano Non Consolidado

É pretensión do Plan que antes de finalizar o segundo cuatrienio sexa executado o solo urbano non consolidado, coa recepción definitiva das obras. Os soares será edificados no prazo máximo de catro (4) anos dende a recepción das obras de urbanización por parte do Concello.

Solo Urbanizable Delimitado

Os sectores de solo urbanizable R1,T3, I2 e I5 serán desenvolvidos durante o segundo cuatrienio do Plan Xeral, de acordo ao seguinte calendario:

- No prazo máximo de seis (6) meses a partir da entrada en vigor do 2º cuatrienio, presentarase ante o Concello o Plan Parcial.
- No prazo máximo de un (1) ano dende a entrada en vigor do Plan Parcial, presentaranse os documentos de equidistribución e os Proxectos de Urbanización.
- As obras de urbanización do sector serán rematadas no prazo máximo de catro (4) anos dende a entrada en vigor do 2º cuatrienio do Plan Xeral.
- Os soares serán edificados no prazo máximo de catro (4) anos dende a recepción das obras de urbanización por parte do Concello.

O desenvolvemento do Sector R1 quedará en todo caso condicionado ao previo desenvolvemento dos sectores R2 e R3. Neste senso, as obras de urbanización do Sector R1 non serán iniciadas en tanto rematen e sexan recibidas as obras dos sectores R2 e R3.

Plans especiais

Durante o segundo cuatrienio de vixencia do Plan e, antes de finalizar o mesmo, convén ter aprobados os seguintes Plans especiais:

- Os Plans especiais de protección e reforma interior de “Sada de Arriba” e “Riovao”.
- Os Plans especiais de infraestrutura e dotación do “Monte Llsandre”, do “Parque de Corbeiroa” e de “Mosteirón”.
- Os Plans especiais de protección, infraestrutura e dotación de “As Brañas de Sada” e do “Parque de Fontán”
- O Plan Especial de Protección do Pazo de Meirás.

ACCÍONS PREVISTAS PARA O SEGUNDO CUADRIENIO

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ORGANISMO DEPENDENTE	SISTEMA DE OBTENCIÓN	CLASE DE SOLO	CUALIFICACIÓN	SUPERFICIE DA ACCIÓN (m²)	SUPERFICIE DE SOLO A EXPROPIAR (m²)	CUSTOS €				ASUNCIÓN DO CUSTO	PRIORIDADE
								SOLO	URBANIZACIÓN	EDIFICACIÓN	TOTAL		
SLE 04-04	ESPAZO DOTACIONAL EN MOSTEIRÓN	CONCELLO	EXPROPIACIÓN	NÚCLEO RURAL/ RÚSTICO	SLE	10.116	9.868	287.430			287.430	CONCELLO	2
SXEs a 06-12	NOVO CENTRO DE SAÚDE	CONCELLO/ XUNTA DE GALICIA	CESIÓN	URBANO NON CONSOLIDADO	SXE	2.670						AR-D3.6	2
SXEL 01-02	ESPAZO LIBRE EN CAMPO DAS MANTAS	CONCELLO	EXPROPIACIÓN	NÚCLEO RURAL/RÚSTICO	SXEL	16.178	15.939	153.483	32.356		185.839	CONCELLO	2
SXEL 06-21	ESPAZO LIBRE DE AS BRAÑAS FASE 2	CONCELLO	EXPROPIACIÓN	RÚSTICO	SXEL	76.671	76.494	458.964	153.342		612.306	CONCELLO	2
SXEL 06-30a	ESPAZO LIBRE EN FONTÁN (adscrito a AR-D1.2)	CONCELLO	CESIÓN	RÚSTICO	SXEL	15.424			30.848		30.848	CONCELLO	2
SXEL 06-30b	ESPAZO LIBRE EN FONTÁN	CONCELLO	EXPROPIACIÓN	RÚSTICO	SXEL	60.990	60.990	365.940	121.980		487.920	CONCELLO	2
SXEL 06-32	ESPAZO LIBRE EN SADA DE ARRIBA (incluído na AR-D2.2)	CONCELLO	CESIÓN	URBANO NON CONSOLIDADO	SXEL	2.243			4.486		4.486	AR-D2.2	2
SXEL 06-33b	ESPAZO LIBRE DE AS BRAÑAS (adscrito a AR-Sector R1)	CONCELLO	CESIÓN	RÚSTICO	SXEL	6.495			12.990		12.990	CONCELLO	2
SXEL 06-38a	ESPAZO LIBRE DO MONTE LIXANDRE (incluído na AR-D3.4)	CONCELLO	CESIÓN	URBANO NON CONSOLIDADO	SXEL	4.167			8.334		8.334	AR-D3.4	2
SXEL 06-38b	ESPAZO LIBRE DO MONTE LIXANDRE (adscrito á AR-D3.4)	CONCELLO	CESIÓN	RÚSTICO	SXEL	2.451			4.902		4.902	CONCELLO	2
SXEL 06-39a	PARQUE DE CORBEIROA (incluído na AR-D3.10)	CONCELLO	CESIÓN	URBANO NON CONSOLIDADO	SXEL	4.500			67.500		67.500	AR-D3.10	2
SXEL 06-39b	PARQUE DE CORBEIROA (adscrito á AR-D3.10)	CONCELLO	CESIÓN	RÚSTICO	SXEL	2.332			34.980		34.980	CONCELLO	2
SXEL 06-39c	PARQUE DE CORBEIROA (adscrito á AR-D3.9)	CONCELLO	CESIÓN	RÚSTICO	SXEL	5.852			87.780		87.780	CONCELLO	2
SXEL 08-02	ESPAZO LIBRE PUNTA DO CASTELO	CONCELLO	EXPROPIACIÓN	RÚSTICO	SXEL	9.735	9.735	58.410	19.470		77.880	CONCELLO	2
SXV-1	MELLORA DA CONEXIÓN ENTRE AS ESTRADAS AC-163 E DP-7509	CONCELLO/ DEPUTACIÓN A CORUÑA/ XUNTA GALICIA	EXPROPIACIÓN	RÚSTICO	SXV	5.233	2.966	17.796	156.990		174.786	CONCELLO	2
SXV-3	MELLORA DA CONEXIÓN ENTRE AS ESTRADAS AC-183 E DP-5812 E ACCESOS AO SECTOR T1	CONCELLO/ DEPUTACIÓN A CORUÑA/ XUNTA GALICIA	CESIÓN	URBANIZABLE	SXV	4.101			287.070		287.070	AR-Sector T1	2
SXV-5	MELLORA DA INTERSECCIÓN DA ESTRADA DP-7509 COA DP-7504 NA LAMELA (CARNOEDO)	CONCELLO/ DEPUTACIÓN A CORUÑA	EXPROPIACIÓN	NÚCLEO RURAL HISTÓRICO/ NÚCLEO RURAL COMÚN	SXV	2.353	625	56.250	164.710		220.960	CONCELLO	2
SXV-6	MELLORA DA INTERSECCIÓN ENTRE AS ESTRADAS AC-163 E DP-7504 EN TAIBÓ (CARNOEDO)	CONCELLO/ DEPUTACIÓN A CORUÑA/ XUNTA GALICIA	EXPROPIACIÓN	NÚCLEO RURAL HISTÓRICO	SXV	1.980	702	63.180	138.600		201.780	CONCELLO	2
SXV-7	MELLORA DA INTERSECCIÓN DA ESTRADA DP-7503 COA ESTRADA AC-163 NA XESTEIRA (CARNOEDO)	CONCELLO/ DEPUTACIÓN A CORUÑA/ XUNTA GALICIA	EXPROPIACIÓN	NÚCLEO RURAL COMÚN	SXV	1.769	672	60.480	123.830		184.310	CONCELLO	2
SXV-11	REURBANIZACIÓN DA AVENIDA DA MARÍÑA	CONCELLO/ DEPUTACIÓN A CORUÑA/ XUNTA GALICIA	NON PRECISA	SOLO URBANO CONSOLIDADO	SXV	35.202			2.288.130		2.288.130	CONCELLO	2
SXV-15	MELLORA DAS CONEXIÓNS DAS ESTRADAS DP-0812 E DP-7502 NO NÚCLEO DE CASTRO	CONCELLO/ DEPUTACIÓN A CORUÑA/ XUNTA GALICIA	EXPROPIACIÓN/ CESIÓN	NÚCLEO RURAL HISTÓRICO/ NÚCLEO RURAL COMÚN	SXV	2.998	821	73.890	209.860		283.750	CONCELLO	2
SLV-19	APARCAOIRO PRAIA DO CIRRO	CONCELLO	EXPROPIACIÓN	RÚSTICO	SLV	2.585	2.585	15.510	77.550		93.060	CONCELLO	2
SLV-20	APARCAOIRO PRAIA DE DAN PEDRO	CONCELLO	EXPROPIACIÓN	RÚSTICO	SLV	7.490	7.490	44.940	112.350		157.290	CONCELLO	2
SXIS-6	NOVO DEPÓSITO DE AUGA EN OSEDO	CONCELLO	CESIÓN	URBANIZABLE	SXIS	3.985				130.000	130.000	CONCELLO	2
SXIS-7	REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA AO SECTOR T2	CONCELLO	CESIÓN	URBANIZABLE	SXIS	3.228			35.000	83.000	118.000	AR-Sector T2	2
SXIS-9	NOVO DEPÓSITO DE AUGA DO ESPÍRITO SANTO	CONCELLO	CESIÓN	URBANIZABLE	SXIS	9.292			50.000	130.000	180.000	CONCELLO	2
SXIS-10	TANQUE DE REGULACIÓN DAS BRAÑAS	CONCELLO	NON PRECISA	URBANIZABLE	SLV				600.000		600.000	CONCELLO	2

ESTRATEGIA DE ACTUACIÓN PREVISTA PARA O TERCEIRO CUADRIENIO

Durante o terceiro cuadrenio executaranse as accións illadas ás que se outorga a prioridade 3 na correspondente ficha de acción.

Solo Urbanizable Delimitado

Os sectores de solo urbanizable T2, I4 e I6 serán desenvolvidos durante o terceiro cuadrenio do Plan Xeral, de acordo ao seguinte calendario:

- No prazo máximo de seis (6) meses a partir da entrada en vigor do 3º cuadrenio, presentarase ante o Concello o Plan Parcial.
- No prazo máximo de un (1) ano dende a entrada en vigor do Plan Parcial, presentaranse os Proxectos de Compensación e Urbanización.
- As obras de urbanización do sector serán rematadas no prazo máximo de catro (4) anos dende a entrada en vigor do 3º cuadrenio do Plan Xeral.
- Os soares serán edificadas no prazo máximo de catro (4) anos dende a recepción das obras de urbanización por parte do Concello.


O terceiro cuadrenio constitúe a fase temporal do Plan Xeral na cal deberase rematar a edificación prevista nos desenvolvementos dos cuadrenios anteriores.

ACCÍONS PREVISTAS PARA O TERCEIRO CUADRIENIO

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ORGANISMO DEPENDENTE	SISTEMA DE OBTENCIÓN	CLASE DE SOLO	CUALIFICACIÓN	SUPERFICIE DA ACCIÓN (m²)	SUPERFICIE DE SOLO A EXPROPIAR (m²)	CUSTOS €				ASUNCIÓN DO CUSTO	PRIORIDADE
								SOLO	URBANIZACIÓN	EDIFICACIÓN	TOTAL		
SXEL 02-05	PARQUE DE MEIRÁS	CONCELLO	EXPROPIACIÓN	RÚSTICO	SXEL	18.893	18.893	113.358	37.786		151.144	CONCELLO	3
SXEsa/re 06-03	AMPLIACIÓN DO CEMITERIO MUNICIPAL DE SADA	CONCELLO	EXPROPIACIÓN	URBANO CONSOLIDADO	SXE	1.315	1.315	118.350			118.350	CONCELLO	3
SXV-4	VARIANTE DE VILAR	CONCELLO/ DEPUTACIÓN A CORUÑA/ XUNTA GALICIA	EXPROPIACIÓN	NÚCLEO RURAL COMÚN/ RÚSTICO	SXV	6.515	5.819	89.772	325.750		415.522	CONCELLO	3
SXV-10	ACCESOS AO PAZO DE MEIRÁS E INTERSECCIÓN COA RÚA DO VALO	CONCELLO/ XUNTA GALICIA	EXPROPIACIÓN	NÚCLEO RURAL COMÚN	SXV	2.148	196	17.640	150.360		168.000	CONCELLO	3
SLV-14	ACCESO PEONIL Á IGREXA PARROQUIAL DE OSEDO	CONCELLO	EXPROPIACIÓN	NÚCLEO RURAL HISTÓRICO	SLV	129	129	11.610	3.000		14.610	CONCELLO	3
SLV-18	APARCADOIRO CEMITERIO PARROQUIAL DE SOÑEIRO	CONCELLO	EXPROPIACIÓN	RÚSTICO	SLV	1.765	1.765	10.590	52.950		63.540	CONCELLO	3
SLV-21	APARCADOIRO DO IGREXARIO DE VEIGUE	CONCELLO	EXPROPIACIÓN	RÚSTICO	SLV	895	895	5.370	26.850		32.220	CONCELLO	3
SLV-22	APARCADOIRO CEMITERIO PARROQUIAL DE MONDEGO	CONCELLO	EXPROPIACIÓN	RÚSTICO	SLV	1.492	1.492	8.952	44.760		53.712	CONCELLO	3
SLV-23	APARCADOIRO IGREXA PARROQUIAL E CEMITERIO DE MEIRÁS	CONCELLO	EXPROPIACIÓN	RÚSTICO	SLV	2.007	2.007	12.042	60.210		72.252	CONCELLO	3
SLV-24	PAVIMENTACIÓN DUN CAMIÑO PEONIL EN FIUNCHEDO	CONCELLO	NON PRECISA	URBANO	SLV	388			11.640		11.640	CONCELLO	3

ESTRATEGIA DE ACTUACIÓN PREVISTA PARA O CUARTO CUADRIENIO

O cuarto cuadrenio constitúe un período de reserva no cal terán cabida as actuacións remanentes ou fóra de prazo en atención a situacións sobrevidas, modificación no sistema de actuación ou, de ser o caso, como consecuencia da aplicación do previsto no artigo 190 da Lei 9/2002.



3. ESTUDO ECONÓMICO INFORME DE SOSTIBILIDADE ECONÓMICA

3.1. CRITERIOS DE VALORACIÓN DE CUSTOS

O estudo económico do Plan iníciase coñecendo canto custa en termos monetarios promover as actuacións previstas e facer o mantemento da nova urbanización durante a súa vida útil.

No presente apartado vanse estimar os custos medios aplicables a diversos conceptos que comportan ditas actuacións como poden ser o custo de expropiación do solo, os custos de execución da urbanización ou de determinadas infraestruturas e servizos así como o seu mantemento.

Custo de obtención do solo

Certas actuacións previstas polo Plan precisan da obtención do solo por expropiación, permuta forzosa ou calquera outra forma das previstas na lexislación urbanística que requiran unha valoración do solo.

Os criterios de valoración do solo están regulados nos artigos 34 e seguintes do *Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba el Texto refundido de la Ley del Suelo y Rehabilitación Urbana* e desenvolvidos polo *RD 1492/2011, por el que se aprueba el Reglamento de Valoración de la Ley del Suelo*.

Dende o Plan estímase un valor de referencia do solo expresado en €/m² que ten en conta as dúas situacións posibles do solo definidas na Lei estatal e responde aos valores que nos derradeiros anos resultan das valoracións practicadas neste Concello.

- Solo en situación de rural:

Aplicable para o solo rústico en xeral.

Os valores oscilan entre 2,00 €/m² para terreo improdutivo y 8,00 €/m² para terreo de labradío. Determinábase un valor estándar de 6,00 €/m² estimativo.

- Solo en situación de urbanizado:

Diferéncianse dous contextos urbanos con valores de repercusión do solo claramente distintos:


- Uso e tipoloxía de vivenda unifamiliar, aplicable ao solo de núcleo rural e solo urbano en contexto da ordenanza SU-5. Estímase un valor de repercusión do solo de 90 €/m².
- Uso e tipoloxía de vivenda colectiva, aplicable ao solo urbano en contexto de edificación de bloque de catro plantas. Estímase un valor de repercusión do solo de 100 €/m².

Custo de execución en actuacións illadas

Estímase o custo das obras ou acondicionamento consonte o tipo de actuación de carácter illado:

• Acondicionamento de parque público naturalizado	2 €/m ²
• Acondicionamento de espazo libre (xardín)	15 €/m ²
• Urbanización de espazo libre (praza urbana)	30 €/m ²
• Acondicionamento e renaturalización de espazo libre	5 €/m ²
• Pavimentación e sinalización de aparcadoiro	30 €/m ²
• Intersección viaria	70 €/m ²
• Execución de vial ou estrada	600 €/ml
• Condicionamento senda peonil	100 €/ml
• Depósito de auga 1.000 m ³	130.000 €
• Depósito elevado 100 m ³	83.000 €
• Rede de abastecemento	100 €/ml
• Rede de saneamento	100 €/ml
• Estación depuradora de augas residuais	500.000 €
• Sifón da rede de saneamento	32.000 €
• Rede de gas	100 €/ml

Fonte: Compendio de bases de datos da construción *Precio Centro Guadalajara* e Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia. Servizos técnicos Municipais.



Custos de mantemento da urbanización

Os custos de mantemento da urbanización están compostos dos seguintes conceptos:

- Mantemento das infraestruturas e redes de servizo.

No municipio de Sada considérase o servizo de alumado público e a infraestrutura de saneamento de augas residuais. A infraestrutura de abastecemento de auga opera baixo concesión e as redes de subministro eléctrico e telecomunicacións son de carácter privado, polo que non serán tidas en conta como gasto municipal.

Para obter o custo de mantemento do servizo de alumado público recórrase ao “Portal de información económica e de infraestruturas de entidades territoriais”, onde establece un custo, no ano 2011, de 20,46 €/hab./ano.

Considerando unha poboación de 15.075 habitantes (2013) e unha superficie total de asentamento de 9.071.740 m², o dato pode expresarse en 0,04 €/m²/ano, referido a m² de peza urbana.

Para obter o custo de mantemento do servizo municipal de saneamento de auga, pártese do dato municipal medio de 221.558 €/ano.

Para unha superficie total de asentamento de 9.071.740 m², o dato pode expresarse en 0,024 €/m²/ano, referido a m² de peza urbana.

Resumindo, o gasto anual por metro cadrado de nova peza urbana en mantemento de redes e infraestruturas de servizos, estímase en 0,064 €/m²/ano.

- Mantemento do sistema viario.

Este mantemento comprende basicamente o arranxo e reposición de pavimentos.

En base aos datos municipais, o mantemento resulta de 0,50 €/m²/ano.

Considerando que o sistema viario representa un 5% do total da superficie dunha peza urbana, o dato pode expresarse en 0,025 €/m²/ano, referido a m² de peza urbana.

